



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALA SESIÓNS CASA CONSISTORIAL, MARTES 14 DE NOVEMBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 10:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

**ASISTEN:**

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUA

ROGELIO SUEIRO CARRO

PSOE

ANA LEDO FERNANDEZ

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

BNG

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

**SECRETARIA - INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

#### **1.- PROPOSICIÓN PLENO EXTRAORDINARIO NOVEMBRO DE 2017 MODIFICACIÓN POS ADICIONAL 2017**

Sometido o tratamento desta proposición sen ditaminar por comisión informativa a votación, acordouse dito tratamento có seguinte resultado:

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 11

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Pola secretaria dase lectura á proposición que deseguido se transcribe:

“Visto circular da Excma Diputación de data 2/10/2017 n.º de rexistro de entrada 2230 en data 2/10/2017 na que se informa sobre Plan único de Concellos POS+ 2017 ( adicional ) na que se informa e asignan definitivamente fondos do Plan adicional o Concello de Boimorto.

Visto o procedemento a tramitar indicado nesa Circular no caso de variación de algún dos investimentos previsto en acordo plenario do POS en relación con investimentos adicionais.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Solicitando autorización do Pleno para tratamento deste punto sen dictaminar na orde do día pola urxencia en prazo de 15/11/2017 para remitir este acordo á Excmá Deputación Provincial e non perder maiores fondos outorgados a este Concello có POS adicional.

Mediante Decreto n.º 403/2017 de data 06/10/2017 dítase a resolución de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ anualidade 2017 Adicional 1/2017 dando conformidade a dous proxectos que este concello tiña incluído e preparar un novo investimento para o 15 de novembro de 2017.

Visto o proxecto redactado por D. Manuel Carro López titulado “Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro e Arceo” cun orzamento total de execución de 53.556,87 €uros .

Propoño ao Pleno:

1.- Incluir no Plan complementario ao POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña o novo investimento que se indica a continuación:

A) Financiamento do novo investimento

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro e Arceo	53.556,87	0	53.556,87

2.- Aprobar o proxecto da obra.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento, e que non é necesario tramitar autorización sectorial segundo informe técnico.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da actuación incluída neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Boimorto 9/11/2017

A Alcaldesa:

Asdo.- M.ª Jesús Novo Gómez “

Debate: A Alcaldesa explica a necesidade de modificación dun dos proxectos que inicialmente foron incluídos no POS adicional.

Pregunta o concelleiro do grupo municipal do BNG se vai o camiño ata Romelas, resposta a Alcaldesa que ese xa está metido e agora métese ata a igrexa de Cardeiro un tramo para agotar crédito outorgado no POS adicional final.

Sen mais intervencións sometida a proposición a votación o pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor, ACORDOU

“1.- Incluir no Plan complementario ao POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña o novo investimento que se indica a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## A) Financiamento do novo investimento

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro e Arceo	53.556,87	0	53.556,87

2.- Aprobar o proxecto da obra.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento, e que non é necesario tramitar autorización sectorial segundo informe técnico.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da actuación incluída neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

## 2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL EXTRAORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 14/11/2017

Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen dictaminar na necesaria xustificación de gasto total de adquisición de tractor novo e dous apeiros desbrozadoras unha de arrastre e outra de brazo novos subvencionado pola Xunta de Galicia Consellería de Medio Rural Convenio asinado en data 8/11/2017 con rexistro de entrada no Concello nesta data có nº 2571, na necesaria xustificación da subvención en data 10/12/2017., solicítase a aprobación plenaria para tratamento deste asunto sen dictaminar.

Sometido o tratamento desta proposición sen ditaminar por comisión informativa a votación, acordouse dito tratamento có seguinte resultado:

Votación da inclusión na orde do día:

Votos a favor: 11

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Pola secretaria dase lectura á proposición que deseguido se transcribe:

“Visto o expediente para modificación suplemento de crédito n.º 3 /2017 a realizar no Orzamento do exercicio 2017 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito tal e como segue:

**Aportación municipal do ive 18.900€, do gasto de 90.000€ subvencionado Consellería de Medio Rural para** subministro dun vehículo tractor novo e dous apeiros desbrozadoras unha de arrastre e outra de brazo novos subvencionado pola Xunta de Galicia Consellería de Medio Rural Convenio asinado en data 8/11/2017 con rexistro de entrada no Concello nesta data có nº 2571.

A financiación do suplemento de crédito 3/2017 farase mediante:

a) a baixa de créditos na **partida** Administración xeral. Retribucións órganos de goberno **920.13002 previsión RPT por importe de 18.900, 00€**

B) suplementando por dito importe de 18.900,00€ a partida **136.623**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 9 /11/2017 de 2017.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos orzamentos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de execución do Orzamento de 2017.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 3/2017 tal e como segue:

**Aportación municipal ive por 18.900€ para gasto subvencionado Xunta de Galicia Consellería de Medio Rural Convenio asinado en data 8/11/2017 con rexistro de entrada no Concello nesta data có nº 2571,**

A financiación do suplemento de crédito 3/2017 farase mediante baixa de créditos na **partida** Administración xeral. Retribucións órganos de goberno **920.13002 previsión RPT por importe de 18.900, 00€**

Dita baixa suplementará a partida 136.623 por importe de 18.000€.

**Segundo.-** Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización do crédito subvencionado e a xustificación da subvención a 10/12/2017 segundo o convenio asinado .

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2017, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

**Cuarto.-** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2017.

Boimorto, 9 de novembro de 2017

A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez"

Debate:

Signala a Alcaldesa que por convenio asinado coa Consellería do Medio Rural obtense unha subvención de 90.000€ para mercar un tractor e apeiros desbrozadoras pero non se subvenciona o ive que ascende a 18.900,00€ que se asume polo Concello, sendo necesario este expediente de modificación de créditos suplemento financiado con baixa na partida de créditos para RPT xa que rematado o ano non se chegou a acordo.

Indica a secretaria que hai un erro cando se indica o nome da partida na que se da baixa para financiar o suplemento partida con créditos previstos para aprobación RPT tendo que eliminar o nome de retribucións órganos de goberno que consta na proposta e facendo referencia sempre o importe de baixa para suplemento por 18.900€ xa que no apartado 1 do acordo proposto recólles cantidade por 18.000€ contraria o posto nos considerandos da proposta e no expediente ( 18.900€)

Sen mais intervencións sometida a proposición a votación o pleno municipal por maioría absoluta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

(con oito votos a favor, 5 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do Membro non Adscrito, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do PsdeG-PSOE), ACORDOU “Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 3/2017 tal e como segue:

Aportación municipal ive por 18.900€ para gasto subvencionado Xunta de Galicia Consellería de Medio Rural Convenio asinado en data 8/11/2017 con rexistro de entrada no Concello nesta data có nº 2571,

A financiación do suplemento de crédito 3/2017 farase mediante baixa de créditos na partida Administración xeral. 920.13002 previsión RPT por importe de 18.900, 00€

Dita baixa suplementará a partida 136.623 por importe de 18.900€.

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización do crédito subvencionado e a xustificación da subvención a 10/12/2017 segundo o convenio asinado .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2017, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2017.”

Ás 10:12 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, martes 14 de novembro de 2017

A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez	Vto e Pr. A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ
---	---